

Declaración Institucional de apoio da FEMP aos damnificados polas inundacións en Libia

A Federación Española de Municipios y Provincias , FEMP, en representación dos Governos Locais españois, manifesta o seu apoio e solidariedade coas persoas afectadas polas terribles inundacións sufridas en Libia a causa do ciclón Daniel.

As noticias recibidas que, a cinco días do paso do ciclón, cifran en mais 11.000 os falecidos, máis de 10.000 os desaparecidos e ao redor de 30.000 os desprazados, mostran unha catástrofe humanitaria á que non é posible ser alleo. Por iso , a Federación manifestou a súa vontade de colaborar en todo canto sexa posible cos afectados e, novamente, manifestou á AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento) a súa plena disposición a participar e apoiar as iniciativas que se adopten, así como a difundir entre os Governos Locais españois as diferentes vías e posibilidades de colaboración para axudar á poboación afectada.

A FEMP, en representación das entidades locais españolas, ten acordado a seguinte Declaración Insitucional, á que se suma esta Institución Provincial:

- 1.- A súa solidariedade coas familias das persoas feridas, falecidas e desaparecidas, cos sobreviventes, con quen sufriu a perda dos seus fogares e afeños e, en xeral , con todos aqueles que se viron afectados dalgún modo
- 2.- A intención de unirse ás iniciativas destinadas a prestar axuda á poboación nesta difícil etapa de duelo e reconstrución tras as inundacións
- 3.- Poñémonos ao dispor do Goberno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco dos mecanismos de axuda activados.